# O Concello de Nigrán organiza unha xornada de limpeza de especies invasoras nas dunas de Panxón.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 09 Setembro 2015 22:11



O Concello de Nigrán  organiza este xoves unha nova xornada de limpeza de especies invasoras no ecosistema dunar de Praia América-Panxón despois de que a anterior fose suspendida polo mal tempo.

Para elo, fai un chamamento a tódalas aquelas persoas voluntarias que estean interesadas en participar.

O punto de encontro é ás nove da mañá na Oficina de Turismo Dunas de Gaifar, ubicada a escasos metros do lugar.

A actividade está previsto que dure tres horas e que culmine coa total desaparición de especies foráneas.